



A primeira DairyRotor T8900 instalada en España xa está en marcha

Situada na gandería galega Finca Canedo (Frades, A Coruña), moxe desde o pasado mes de xuño unhas 300 vacas dúas veces ao día en menos de dúas horas.

O proxecto desenvolvido por GEA nesta granxa sumou á instalación da rotativa o deseño da sala de espera, coa instalación dun sistema de limpeza *flushing*, un empuxador Cowmander 015 e as portas de selección, a colocación dos colares CowScout para a xestión do rabaño e un sistema de prearrefriamento do leite.



A gran protagonista do proxecto desenvolvido en Finca Canedo é a sala rotativa DairyRotor T8900, a primeira instalada en España.

Esta sala de 40 puntos ten unha **estrutura** totalmente en aceiro inoxidable, para un alto nivel de hixiene, pois é moi máis fácil de limpar para o operador, e é moi robusta, preparada para muxir os 365 días, mesmo 24 horas, 7 días á semana. “A solidez desta máquina asegúranos grandes rendementos”, afirma Víctor Jorge, delegado de vendas de GEA Farm Technologies Ibérica en Galicia.

Os **cabinets** que a conforman, tamén totalmente en aceiro inoxidable, son moi baixos, o que “facilita o fluxo de animais, tanto á entrada como á saída do sistema de muxido rotativo”, asegura. Ademais, cada praza leva un **identificador** para o control dos animais que entran na rotativa e vai transferindo todos os seus datos ao programa de xestión.

Outra das características importantes desta sala instalada en Finca Canedo é o modelo de **xogo de muxido IQ**. É o primeiro sistema de muxido de catro vías do mundo e “en xeral a xente está moi contenta con el porque ten unhas características totalmente exclusivas –explica o delegado de vendas–. Evita calquera contaminación cruzada entre os tetos durante o muxido, ofrécelle moita facilidade de traballo ao operario, pois pode mesmo coller dúas teteoiras á vez xa que nunca haberá entradas de aire no colector, e o muxido é moi estable, porque se traballa sempre ao mesmo nivel de baleiro e os animais agradéceno”.

A perfecta colocación destes xogos de muxido está garantida polos **brazos posicionadores** elixidos. Segundo Víctor Jorge, “cando a vaca e o xogo de muxido están colocados, este brazo garante que a posición do xogo de muxido é totalmente paralela ao ubre da vaca, co cal non teremos entradas de aire no muxido e será moi complicado que a vaca, ao moverse, tire as teteoiras”.

Todo axuda a conseguir un maior confort, tanto das vacas, que están moi tranquilas durante o muxido, como dos traballadores. A calidade de traballo nesta gandería valorouse moito, así como mellorar a rapidez no muxido, na que toma parte importante a **entrada en V** á sala, que proporciona un maior fluxo dos animais ao poder pasar unha vaca e media de cada vez.

A DairyRotor T8900 de Finca Canedo é ademais un **modelo Subway**, o que significa que todos os sistemas de medición, pulsación, liñas de leite, unidades finais... van integrados dentro do foso da sala. “Cun túnel independente temos acceso a toda a maquinaria. Para calquera servizo técnico, mantemento ou control leiteiro, por exemplo, poderíase traballar perfectamente sen interferir no muxido nin interromper os traballadores”, puntualiza Jorge.

COMPLEMENTOS DO PROXECTO

Durante o desenvolvemento do proxecto un dos obxectivos foi responder ás necesidades da granxa. O traballo por lotes e a redución do tempo de muxido eran dúas claves a ter moi en conta.

A **sala de espera** deseñouse pensando precisamente nos grupos de animais, por iso conta con portas de selección e cun empuxador Cowmancer 015. “O que se busca é un bo fluxo e manexo de animais, a comodidade dos operarios á hora de realizar o traballo e unha xestión máis eficiente do rabaño”, subliña Víctor Jorge.

Para a limpeza desta área instalouse un **sistema de lavado flushing** que permite “o aproveitamento das augas da máquina de muxido para lavar a zona de espera. As válvulas automáticas descargan 10.000 litros por minuto, cantidade que arrastra toda a sucidade desta área en moi pouco tempo”.

En canto a xestión do rabaño, en Finca Canedo contan con **colares CowScout**. “Os gandeiros teñen en tempo real toda a información de actividade dos animais. Coñecen en todo momento o comportamento das súas vacas, alta e baixa actividade, tempo comendo, ruminación e inactividade, co que poden adiantarse a calquera problema de saúde”, sinala o delegado de vendas.

Por último, este proxecto abordou a instalación de **placas prearrefriadoras** previas ao tanque de frío. Segundo Víctor Jorge, “con este sistema conseguimos deixar a temperatura do leite entre 1 e 2 °C por encima da temperatura de entrada da auga e que o traballo que ten que facer o tanque de refrixeración sexa moito menor. Ademais, aproveitamos certa enerxía para amornar a auga dos bebedoiros dos animais para que poidan beber máis e o seu confort sexa moito mellor”.

EQUIPADOS PARA CRECER

Actualmente en Finca Canedo moxen uns 300 animais e con esta DairyRotor T8900 poderían traballar durante as 24 horas e chegar a muxir máis de 1.000 vacas. O futuro é cambian-te, pero parece que a tendencia nas granxas se dirixe cara ao crecemento. “Cando asesoramos a Luis e a Beatriz, os socios desta gandería, tivemos moi en conta esta premisa, pois non só é clave pensar na actualidade, en muxir rápido como se está facendo aquí, senón tamén en ter capacidade de crecemento, porque o mercado vai nesa dirección”, afirma Víctor Jorge.

Con só un mes de traballo con esta máquina, en Finca Canedo lograron cifras de rendemento moi altas. “Están muxindo de media unhas 200 vacas/hora, o que significa que estamos a falar de voltas de doce minutos. Mesmo nalgúns lotes conseguen xa picos de 300 vacas/hora, o que suporía que cada 12 segundos sae unha vaca totalmente muxida. Isto dános unha idea –engade– da capacidade desta máquina, do seu rendemento e das posibilidades que nos ofrece cara ao futuro”.



Placas prearrefriadoras de leite



Empuxador Cowmancer 015



Porta de selección

Beatriz Méndez:
**“Pasamos de muxir
 en catro horas a
 facelo en menos de
 dúas e temos máis
 tempo para dedicarlles
 aos nosos fillos”**



Beatriz Méndez e Luis Carro, cos pais deste, Lola e Manolo, e os seus fillos, Antía e Manuel

EN VÍDEO



Nome da explotación: Finca Canedo
Propietarios: Beatriz Méndez e Luis Carro
Localización: Frades (A Coruña)
Traballadores: 3
Sistema de muxido: sala rotativa DairyRotor T8900
Animais en total: 600
Vacas en produción: 300
Número de muxidos: 2
Media de produción: 35 litros/vaca/día
Porcentaxe de graxa: 3,80 %
Porcentaxe de proteína: 3,40 %
RCS: 133.000 cél./ml

Que sistema de muxido tiñan antes de instalar a sala rotativa?

Anteriormente tiñamos unha sala paralela 2x10 de muxido traseiro.

Por que se decidiron a cambiar de sala?

Decidimos cambiar de sala e instalar esta sala rotativa de 40 puntos para reducir o tempo de muxido, pola comodidade de traballo e para que nos permita crecer nun futuro.

Como foi o proceso de cambio?

A montaxe da sala comezou a principios de febreiro e empezamos a muxir o 2 de xuño.

Proceso de adaptación non houbo, porque non o necesitamos. As vacas entran perfectamente, de feito pelexan por entrar e non lles custou absolutamente nada. Nós tamén nos adaptamos moi ben, o tempo de muxido é moito menor e estamos moi contentos.

Por que se decantaron por GEA?

Decantámonos por GEA polo servizo técnico que teñen aquí nesta zona, co seu distribuidor Agrícola Coruñesa, e pola calidade dos seus equipos de muxido.

Eliximos este modelo en concreto porque acababa de saír ao mercado, polo xogo de muxido IQ e pola comodidade que lles proporciona aos animais e aos traballadores.

Que diferenzas notan?

Con este cambio que fixemos sentímonos satisfeitos porque pasamos de muxir en catro horas a facelo en menos de dúas, temos máis tempo para dedicarlles aos nosos fillos e tanto persoal como profesionalmente estámolo notando bastante.

Xogo de muxido IQ, brazo posicionador e identificador de praza



Foso Subway da sala



Entrada á sala en V



Válvula de flushing activada



Aos animais notámoslos moi tranquilos, porque non se tocan para nada uns a outros, van independentes cada un no seu posto e móxense moi calmados.

Aínda que levamos traballando pouco tempo con esta máquina, a valoración é moi boa.